JAZZ

XIII CURSO
INICIACIÓN Ó JAZZ E MÚSICA MODERNA

BRUÁR

XULLO 4 - 6
RIBADEO 2025

CARACTERÍSTICAS E CONDICIÓNS

PREZO DO CURSO

Socios da Asociación Cultural Bruar: 60 €
Alumnado da EMMeD de Ribadeo: 70€
Resto de alumnado: 80€

A inscrición realizarase facendo o ingreso no número de conta (Caixa Rural Galega) que figura a continuación e enviando un email ou unha mensaxe de Whatsapp cunha foto do xustificante de pago ó contacto do coordinador do curso.

Tamén haberá posibilidade de aloxamento e manutención os tres días a prezos especiais en establecementos colaboradores. Para mais información poñerse en contacto coa organización do curso.

ES16 3070 0022 1662 3616 9824

As inscricións poderanse efectuar ata o 2 de xullo.

HORARIO

De 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 19:00.

PARA MÁIS INFORMACIÓN

Coordinación: Rubén Solloso Irimia
Teléfono: 677 734 084
Email: asociacionculturalbruar@gmail.com

OBSERVACIÓNS

A organización resérvase o dereito de suspender o curso no suposto de non cubrirse un mínimo de alumnos/as ao peche do período de inscrición, así como a sustitución dalgún profesor que por causa xustificada non poida asistir.

SOLICITUDE DE INSCRICIÓN

Nome

Apelidos

Data de nacemento

DNI

Enderezo

Poboación

CP

Teléfono

Instrumento

Coñecementos musicais

ENVIAR A:

Rubén Solloso Irimia
677 734 084
asociacionculturalbruar@gmail.com

Sinatura e data



ÁNGELES DORRIO

VOCALISTA

Vocalista galega (nada en Ferrol e con residencia na Coruña), participou en traballos discográficos de diversos artistas (DJ Ino, Mc Rimas, Narci Rodríguez, Luar na Lubre, etc.), e estudou con diferentes profesores, destacando o estudo do método Voice Craft con Helen Rowson e Paul Harrington, así como Harmonía, Improvisación e Canto Moderno na Escola Estudo (Santiago de Compostela), viaxando ata Londres para completar a súa formación na Guildhall School of Music and Drama. Así mesmo, posúe o grao profesional de Música na especialidade de Canto Moderno.

Dorrio foi a voz solista feminina do grupo internacional de acid-jazz VenueConnection, co que gravou tres discos e percorreu as principais salas de concertos da xeografía española, chegando a presentar o seu terceiro disco nos “Concertos de Radio 3” (TVE2).

Tamén forma parte do cuarteto vocal Ejazz (Premios Martín Códax da Música en dúas ocasións) e foi coordinadora, sendo actualmente compoñente, do Coro de Música Moderna "Sisters in the House".

Simultaneamente exerceu e exerce como profesora de Canto Moderno na Coruña: Escola de Danza Soul (2003–2016), Escola de Músicos (2005–2011) e Escola Presto Vivace (2021–2022). Na actualidade, imparte clases e tamén obradoiros de voz pola súa conta.

Desde o ano 2009 lidera a súa propia banda, Ángeles Dorrio Band, coa que actuou en numerosos festivais de jazz e música moderna.



PABLO CASTAÑO

SAXOFONISTA

É licenciado en Saxofón polo Conservatorio de Santiago e diplomado en Educación Musical pola Universidade de Santiago.

Despois de recibir unha bolsa e obter unha licenciatura en Belas Artes na especialidade de Interpretación de Jazz pola New School University (Nova York), Pablo Castaño residiu como músico independente na cidade de Nova York. Durante este período, traballou como acompañante en concertos e gravacións con Tom Abbott, Stan Rubin, José James, Eyal Vilner, Wade Burnes, Bobby Sanabria, Woogie Lee, Art Lillard, Youngmin You e Félix Endico, entre moitos outros artistas destacados da escena jazzística neoiorquina. Smalls, Minton's Playhouse, Fat Cat, Iridium, Jazz Garage, Carnegie Club, Swing 46, Jazz at Lincoln Center ou a convención Jazz Impro Magazine foron algúns dos escenarios habituais nos que Pablo Castaño desenvolveu a súa carreira profesional como músico de jazz nos Estados Unidos.

De regreso a España, ademais de colaborar habitualmente con Xacobe Martínez, Marcos Pin, Iago Fernández, Yago Vázquez e Marcelino Galán, dirixe o seu propio septeto e trío.

No ámbito da docencia, ocupou o posto de profesor de saxofón no Conservatorio de Ribeira (2000–2002) e imparte clases de saxofón no ESTUDIO Escola de Música. Desde o ano 2002 é funcionario de carreira, tras obter unha praza como profesor de Educación Musical.



FELIPE VILLAR

GUITARRISTA

Nado en Vigo en 1976, Felipe Villar é un dos músicos habituais da escena do jazz galego dos últimos anos. Ao longo deste tempo tocou e gravou con bandas como Alberto Vilas Quinteto, Rúa da Alegría, Fernando Sánchez Quartet, ESMAE Big Band, Javier Marcos Trío, Jazzología, Antonio Otero Quartet, The Groove Project ou Ten Jazz Men, entre outras. Ademais, lidera o seu propio trío e cuarteto. Participou nos principais festivais e locais de jazz de Galicia, España e Portugal: Festival de Jazz de Pontevedra, Festival de Jazz de Lugo, Nigranjazz, ImaxinaSons, Casa da Música (Porto), Xancarajazz, Jazz Filloa, Clavicémbalo, Dado Dadá...

Comezou na música estudando guitarra clásica no conservatorio, estudos que acabaría por abandonar debido a diverxencias estilísticas. Tras un longo periplo autodidacta polos eidos do blues e do funk, interésase polo jazz. Obtén a súa licenciatura en Jazz pola ESMAE (Porto) no ano 2011, aínda que se iniciara neste xénero da man do Seminario Permanente de Jazz de Pontevedra e da Estudo Escola de Música, con profesores coma Abe Rábade, Paco Charlín ou Suso Atanes. Recibiu tamén clases de músicos como Nuno Ferreira, Jordi Rossy, Peter Bernstein, Michael Kanan, Jonathan Kreisberg, Lage Lund, Walter Smith, Marcus Strickland, Mike Moreno, Aaron Goldberg, Jonathan Blake, Dave Liebman, Gilad Hekselman ou Greg Ruggiero, entre outros moitos.

En xaneiro de 2014 grava o seu primeiro disco como líder: Home, acompañado por Max Gómez na batería e José Manuel Díaz no contrabaixo. Un disco que contén composicións orixinais e algún estándar, e que pretende, sobre todo, ser moi honesto. Home está gravado en directo no estudio da súa casa, totalmente autoproducido, e busca achegarse ao son de dous dos seus grandes heroes: Jim Hall e Peter Bernstein. O disco recibiu moi boas críticas, entre elas, das prestixiosas publicacións Zona de Jazz ou All About Jazz.



CRISTINA MONTULL

PIANISTA

Co título profesional de piano clásico e o superior na especialidade de jazz, tamén estudou na Aula Moderna e no Taller de Músics con Iñaki Salvador, Joan Díaz, Jorge Rossy, Roger Mas, Agustí Fernández, Perico Sambeat e Guillermo McGill, entre outros.

É fundadora e profesora da Escola de Música Moderna e Jazz Meidinerz, así como do Club de Jazz Meidinerz en Xixón, xunto cos seus socios Horacio García e Manu Molina, cos que toca en varios proxectos: Cristina Montull Trío, con temas propios; Nothing to Lose; e Bombara!, este último centrado na música brasileira. Participa tamén en concertos didácticos e como acompañante de músicos visitantes.

Na actualidade segue activa noutros proxectos de estilos como o pop, rock ou indie, con grupos como Pauline en la Playa, Girls to the Front, Donna y las Dinamos, Petit Pop, Canciones pa la Xentiquina, Herr Manos e Guachis Neis.



SERGIO GONZÁLEZ

BATERÍA

Sergio González (Ponteareas, Galicia) é baterista, compositor e docente cunha sólida traxectoria internacional. Formado inicialmente en Galicia e Madrid, ampliou os seus estudos no Conservatorio de Utrecht (Países Baixos), onde obtivo o título de Bachelor of Music en Interpretación e Educación. Actuou en España, Portugal, Francia, Suíza e os Países Baixos, colaborando con artistas como Deborah Carter, Bonnie Tyler, Marcos Pin ou Pablo Castaño.

Fundador e director de Musikartis Escola de Música en Ames, compaxina a docencia coa súa actividade como baterista freelance, coordinador de festivais e líder do cuarteto Fixon Jazz. A súa discografía inclúe traballos con Inés Carreño, Pablo Sax, Marcos Pin e David Regueiro.

BRUÁR
ASOCIACIÓN CULTURAL

Concello de
Ribadeo

DEPUTACIÓN
DE LUGO

CAIXA RURAL
GALEGA

Asociación
Amadores da Música

Escola Municipal
de Música e Danza
de Ribadeo

RVI
CORREDURÍA
DE SEGUROS

GRISI

Hotel
ROLLE

Cabarqués
Materiales de construcción Fontanería
Servicios integrales de construcción y reformas

Santa Cruz
HOTEL · APARTAMENTOS TURÍSTICOS

Vírgula
TIENDA DE MÚSICA

taberna
CAN
DIL
1952

VOAR